



| Guía Docente          |  |                    |                        |          |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                        | 2015/16  |
| Asignatura (*)        | Muestreo e Probas de Decisión Estatística  | Código             | 615518006              |          |
| Titulación            | Mestrado Universitario en Socioloxía Aplicada: Investigación Social e de Mercados  |                    |                        |          |
| Descriptorios         |  |                    |                        |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                   | Créditos |
| Mestrado Oficial      | 1º cuatrimestre  | Primeiro           | Obrigatoria            | 3        |
| Idioma                | Castelán   |                    |                        |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                        |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |                        |          |
| Departamento          | Socioloxía e Ciencia Política da Administración  |                    |                        |          |
| Coordinación          | Muñoz Goy, María Celia   | Correo electrónico | celia.munoz.goy@udc.es |          |
| Profesorado           | Muñoz Goy, María Celia   | Correo electrónico | celia.munoz.goy@udc.es |          |
| Web                   |  |                    |                        |          |
| Descrición xeral      | O obxectivo xeral desta materia é que os estudantes adquiren as destrezas e competencias, a nivel de posgrao, no uso das probas de decisión estatística e das principais formas de mostraxe, ferramentas da estatística inferencial que resultan fundamentais á hora de realizar a recollida de información e a interpretación dos resultados nunha investigación social ou de mercados. |                    |                        |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A1                                  | Dominar nun nivel de postgrado os coñecementos, as ferramentas e os procedementos da investigación social e de mercados aplicándoos á solución de problemas e necesidades  |
| A3                                  | Ser quen de deseñar un proceso de investigación de carácter empírico demostrando dominio no uso de técnicas de investigación cuantitativas e/ou cualitativas   |
| A4                                  | Ser quen de discriminar a técnica de investigación axeitada ao problema plantexado   |
| A8                                  | Ter capacidade para traballar críticamente con fontes de datos, metodoloxías e técnicas de investigación científica e ferramentas informáticas propias da investigación social e de mercados   |
| A10                                 | Ser quen de redactar, presentar e defender documentos e informes de investigación social e de mercados   |
| B2                                  | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (o multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo |
| B4                                  | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüedades   |
| B6                                  | Ser quen de buscar, xestionar, analizar e sintetizar a información, seleccionando aquela que resulta pertinente para a toma de decisións   |
| B9                                  | Ter capacidade de analizar críticamente tanto o traballo propio como o dos compañeiros   |
| B10                                 | Ser quen de traballar en equipo eficaz e eficientemente  |
| C3                                  | Utilizar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da vida   |

| Resultados da aprendizaxe  |  |                                     |      |
|--|--|-------------------------------------|------|
| Resultados de aprendizaxe  |  | Competencias / Resultados do título |      |
| Ao finalizar satisfactoriamente esta materia, a/o alumna/o coñecerá e será capaz de utilizar as principais distribucións estatísticas teóricas de aplicación no proceso do deseño muestral e nas probas de decisión estatística. |  | AM1                                 |      |
| Ao finalizar satisfactoriamente esta materia, a/o alumna/o será capaz de analizar e explicar críticamente as diferenzas entre os tipos de mostraxe e seleccionar o máis adecuado para diferentes contextos.                      |  | AM1                                 | BM2  |
|  |  | AM3                                 | BM6  |
|  |  | AM4                                 | BM9  |
|  |  | AM8                                 | BM10 |



|   |                           |                                  |     |
|---|---------------------------|----------------------------------|-----|
| Ao finalizar satisfactoriamente esta materia, a/o alumna/o será capaz de deseñar un plan de mostraxe tendo en conta as características da poboación, así como as posibles restricións de tipo económico e/ou os criterios técnicos.                             | AM1<br>AM3<br>AM4<br>AM8  | BM2<br>BM6<br>BM9<br>BM10        | CM3 |
| Ao finalizar satisfactoriamente esta materia, a/o alumna/o será capaz de interpretar os resultados de diferentes probas de decisión estatística, podendo explicar as consecuencias que devanditos resultados teñen respecto das hipóteses de traballo expostas. | AM1<br>AM4<br>AM8<br>AM10 | BM2<br>BM4<br>BM6<br>BM9<br>BM10 | CM3 |

| Contidos                                       |   |
|--|---|
| Temas  | Subtemas  |
| TEMA 1: INTRODUCCIÓN Á ESTATÍSTICA INFERENCIAL | 1.1. Introducción á análise inferencial.<br>1.2. Nocións básicas de probabilidade.<br>1.3. Utilización de distribucións probabilísticas teóricas: normal, t de Student, chi-cadrado, binomial, F de Snedecor.   |
| TEMA 2: MOSTRAXE                               | 2.1. A mostraxe na investigación social e de mercados. Utilidade e vantaxes.<br>2.2. Principais conceptos da mostraxe estatística. Tipos de mostraxe: probabilístico e non probabilístico.<br>2.3. Técnicas de mostraxe probabilístico: mostraxe aleatoria simple, mostraxe estratificada, mostraxe por conglomerados, mostraxe sistemática con arranque aleatorio.<br>2.4. Técnicas de mostraxe non probabilístico: mostraxe accidental, mostraxe intencional, mostraxe por cotas.<br>2.5. Cálculo do tamaño muestral.<br>2.6. Exemplos de deseños muestrales na investigación social. |
| TEMA 3: PROBAS DE DECISIÓN ESTATÍSTICA         | 3.1. O uso das probas de decisión estatística na investigación social e de mercados.<br>3.2. Formulación de hipótese.<br>3.3. Elección da proba estatística. Técnicas paramétricas e aparamétricas.<br>3.4. Nivel de significación e definición da rexión de rexeitamento.<br>3.5. Cálculo do valor da proba estatística.<br>3.6. Aplicación da regra de decisión.<br>3.7. Conclusión da proba estatística.<br>3.8. Principais probas de decisión estatística e a súa aplicación na investigación social e de mercados.   |

| Planificación            |                                    |   |                         |              |
|--------------------------|------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas    | Competencias / Resultados          | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Aprendizaxe colaborativa | A1 A3 A4 A8 B2 B10<br>C3           | 6                                       | 6                       | 12           |
| Obradoiro                | A1 A3 A4 A8 A10 B2<br>B4 B6 B9 B10 | 6                                       | 9                       | 15           |
| Solución de problemas    | A1 A4 A8 B2 B6 C3                  | 8                                       | 12                      | 20           |
| Proba obxectiva          | A1 A4 B2                           | 3                                       | 6                       | 9            |
| Sesión maxistral         | A1 A3 A4 A8 C3                     | 7                                       | 7                       | 14           |
| Atención personalizada   |                                    | 5                                       | 0                       | 5            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



## Metodoloxías

| Metodoloxías             | Descrición   |
|--------------------------|--|
| Aprendizaxe colaborativa | Procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial, que se basean na organización da clase en pequenos grupos de traballo, de dous ou tres alumnos/as, nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.   |
| Obradoiro                | Valorarase cun máximo do 40% da nota final a participación nos obradoiros, nos que se exporán e debaterán as solucións que os grupos de traballo desen aos problemas expostos. Realizaranse polo menos dous tipos de talleres, un relacionado coas probas de decisión estatística e outro coa mostraxe. Para superar a asignatura requírese obter polo menos a metade da puntuación na participación nos talleres.   |
| Solución de problemas    | Valorarase cun máximo do 30% da nota final a participación na resolución de problemas, que consiste en que os grupos de traballo cheguen a resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos revisados previamente nas sesións maxistrais. Exporanse distintos tipos de problemas relacionados coa aplicación da mostraxe e coa utilización das probas de decisión estatística. Para superar a asignatura requírese obter polo menos a metade da puntuación na resolución de problemas. |
| Proba obxectiva          | Valorarase cun máximo do 30% da nota final as notas obtidas nas probas obxectivas, que consisten en probas de carácter periódico, realizadas de maneira individual, para valorar a correcta comprensión e aplicación dos contidos da materia, compostas por exercicios breves e cuestións curtas e/ou de resposta múltiple. Estímase que se realizará unha proba obxectiva por tema. Para superar a asignatura requírese obter polo menos a metade da puntuación nas probas obxectivas.                        |
| Sesión maxistral         | Exposición oral por parte do profesor dos aspectos fundamentais de materia, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.   |

## Atención personalizada

| Metodoloxías  | Descrición  |
|---|---|
| Aprendizaxe colaborativa<br>Obradoiro<br>Solución de problemas<br>Proba obxectiva<br>Sesión maxistral | A atención personalizada é unha actividade académica que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado, de forma individual ou en pequeno grupo, relacionadas co estudo e temas vinculados coa materia. Esta actividade desenvolverase de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que a profesora ten asignados ás tutorías de despacho).<br><br>Pode solicitarse a atención personalizada nas horas presenciais ou nas horas de tutorías para resolver dúbidas en relación a temas concretos. |

## Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados          | Descrición   | Cualificación |
|--------------|------------------------------------|--|---------------|
| Obradoiro    | A1 A3 A4 A8 A10 B2<br>B4 B6 B9 B10 | Valorarase cun máximo do 40% da nota final a participación nos obradoiros, nos que se exporán e debaterán as solucións que os grupos de traballo desen aos problemas expostos. Realizaranse polo menos dous tipos de talleres, un relacionado coas probas de decisión estatística e outro coa mostraxe. Para superar a asignatura requírese obter polo menos a metade da puntuación na participación nos talleres. | 40            |



|                       |                   |   |    |
|-----------------------|-------------------|---|----|
| Solución de problemas | A1 A4 A8 B2 B6 C3 | Valorarase cun máximo do 30% da nota final a participación na resolución de problemas, que consiste en que os grupos de traballo cheguen a resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos revisados previamente nas sesións maxistras. Exporanse distintos tipos de problemas relacionados coa aplicación da mostraxe e coa utilización das probas de decisión estatística. Para superar a asignatura requírese obter polo menos a metade da puntuación na resolución de problemas. | 30 |
| Proba obxectiva       | A1 A4 B2          | Valorarase cun máximo do 30% da nota final as notas obtidas nas probas obxectivas, que consisten en probas de carácter periódico, realizadas de maneira individual, para valorar a correcta comprensión e aplicación dos contidos da materia, compostas por exercicios breves e cuestións curtas e/ou de resposta múltiple. Estímase que se realizará unha proba obxectiva por tema. Para superar a asignatura requírese obter polo menos a metade da puntuación nas probas obxectivas.                       | 30 |

### Observacións avaliación

A planificación exposta nesta guía docente supón a aplicación dun sistema de avaliación continua, polo que a cualificación final obterase promediando as cualificacións obtidas nos talleres, na solución de problemas e nas probas obxectivas, a condición de que se obteña polo menos a metade da puntuación en cada un dos sistemas de avaliación.

No caso de que non se obteñan os mínimos requiridos para superar a asignatura polo sistema de avaliación continua, as/os estudantes poderán ser avaliadas/os nunha proba obxectiva única que abarcará toda a materia. Dita proba obxectiva única consistirá nun exame composto por exercicios breves e preguntas curtas e/ou de resposta múltiple.

Nas convocatorias extraordinarias aplicarase o sistema de avaliación por proba obxectiva única.

### Fontes de información

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | GARCÍA FERRANDO, M. (1994): Socioestadística. Introducción a la Estadística en Sociología. (2ª Ed.) Alianza Universidad Textos, nº 96, Madrid. PÉREZ LÓPEZ, C. (2010): Técnicas de muestreo estadístico. Ibergarceta Publicaciones. Madrid. RITCHEY, F. J. (2002): Estadística para las Ciencias Sociales. McGraw-Hill, México. RODRÍGUEZ OSUNA, J. (1991): Métodos de Muestreo. Madrid: CIS, Colección "Cuadernos Metodológicos", nº 1. SÁNCHEZ CARRIÓN, J. J. (1999): Manual de Análisis Estadístico de los Datos. Alianza Editorial, Madrid. UÑA JUÁREZ, I.; SAN MARTÍN MORENO, J. y TOMELO PERUCHA, V. (2009): Cálculo de probabilidades. Ibergarceta Publicaciones. Madrid. |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |  |

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías